



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 - E-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES - C.I.F.: P-1507800-1

BANDO

Altas padrón municipal de auga

O abastecemento de auga é un servizo básico de competencia municipal, sendo un dos obxetivos primordiais deste Concello, mellorar as infraestructuras nesta materia, e entendendo a importancia de que estas melloras cheguen a todos os núcleos de poboación do noso municipio, no prazo máis breve posible.

Para isto é necesario levar un control de todos aqueles abastecementos co fin de mellorar o servizo e de que todos os usuarios que sexan beneficiarios dun abastecemento de auga municipal, teñan os mesmos dereitos pero tamén as mesmas obrigas.

O artigo 4 da Ordenanza fiscal núm. 11, reguladora da taxa por subministración de auga (publicada no BOP núm. 8 do 11/01/2007), sinala que a obriga de contribuir pola prestación do servizo de subministración de auga, nace dende que se inicia a prestación do mesmo, estando obrigados ao pagamento os propietarios das fincas abastecidas”

É polo que, todos aqueles domicilios que sexan beneficiarios dun abastecemento de auga municipal, terán un prazo de tres meses dende o 1 de Setembro de 2024 para darse alta no padrón de Abastecemento e subministración de auga potable.

Para a tramitación da alta é necesario:

- Formulario debidamente cuberto (que estará a disposición nas oficinas do Concello).
- Escritura de propiedade ou recibo do Imposto de Bens inmóbeis (IBI)
- Recibo da taxa de recollida de lixo.
- DNI do titular da propiedade.
- De acordo co artigo 10.2, da ordenanza reguladora da taxas por subministración de auga, *“o cobro dos recibos efectuarase mediante recibo domiciliado nas entidades bancarias colaboradoras”*, polo que se deberá de domiciliar o cobro do recibo de acordo co modelo que se lle aportará no Concello, coa solicitude de ALTA.

Para máis información poderán acudir a Casa do Concello ou chamar o teléfono 981880075.

Santa Comba, 20 de agosto de 2024.
Concello de Santa Comba

